

Rusia e Unión Europea: Cara a unhas relacións perigosas?

Francisco Herranz

Os vínculos entre a Unión Europea e a Federación Rusa non atravesan precisamente un momento propicio. Máis ben, ao contrario. Despois de analizar os últimos intercambios de opinións entre os representantes de Bruxelas e Moscova, non é desatinado asumir que estas relacións se basean agora na mutua desconfianza e, se non melloran, poden entrar incluso nunha deriva perigosa para o vello continente.

Aínda que non se pode falar dun retorno aos tempos de confrontación, o ton e o contido das declaracións dunha e outra parte, así como a aparición de problemas puntuais que aínda non están resolto –os plans de instalación dun escudo antimísiles en Polonia e na República Checa e o caso Litvinenko son dous claros exemplos diso– non axudan a encontrar unha melloría.

Non son leigas as voces que axitan o risco dunha segunda parte da guerra fría. Así, o coñecido kremlinólogo norteamericano Richard Pipes, nunha entrevista no diario italiano *Corriere della Sera* (<http://www.corriere.it/>) aparecida en xullo, dicía o seguinte: “Putin quere volver a facer de Rusia unha superpotencia que se contrapoña a América, como nos tempos da Unión Soviética e impor a hexemonía sobre a economía europea, e incluso sobre a global. E quere reforzar a súa propia posición interna. Nunha recente sondaxe de opinión, o 77% dos rusos aproba a súa política. Canto máis aumentan as tensións con Occidente, máis se impón Rusia, máis se converte Putin no líder indispensable, no novo Zar”.

Máis adiante, cando o xornalista lle preguntaba que pode facer Occidente, o profesor da universidade de Harvard respondía: “Adoptar unha estratexia de contención como fixo coa URSS, en particular no campo económico. Putin está usando o petróleo como os líderes soviéticos, desde Khrushchyov ata Brezhnev, utilizaron a bomba atómica, é dicir como un instrumento de chantaxe e de división de Europa. O talón de Aquiles europeo é o mundo dos negocios: cada grupo xoga contra o outro e Putin benefíciase disto. É preciso que a sociedade petroleira comece a rexeitar acordos con Rusia e que a banca comece a reducir as inversións”.

No plano militar, Pipes é partidario de discutir con Moscova o Tratado de Forzas Convencionais (CFE polas súa siglas en inglés) para reducir as forzas convencionais (carros de combate, avións, pezas de artillería) dos flancos do vello continente, pero rexeita de cheo que non se instalen en territorio polaco e checo o escudo antimísiles de Estados Unidos, porque “Putin e os rusos pensarían que os ex-países comunistas europeos aínda están baixo a súa esfera de influencia e que poderían retomalos”.

O citado experto historiador está, pois, de acordo coa portada do semanario británico *The Economist* de decembro de 2006 que, baixo o título de “Non te metas con Rusia”, retrataba a Putin cun sombreiro típico de gánster mentres empuñaba unha manguera de gasolina en lugar da pistola.

Dende Moscova, a liña oficial insiste que en Occidente desatouse unha campaña de “demonización” contra eles que pode desencadear “consecuencias moi negativas”. Así manifestouse en varias ocasións o actual embaixador de Rusia en España, Alexander Kuznetsov.

“A propaganda antirrusa é mais agresiva día a día”, manifestaba Kuznetsov nun seminario convocado en Madrid polo *think tank* Fride (Fundación para as Relacións Internacionais e o Diálogo Exterior) (<http://www.fride.org/>), e posteriormente pasou a enumerar os contenciosos abertos. En primeiro lugar, por suposto, a instalación dun radar e un sistema antimísiles en dúas repúblicas que formaron parte do extinto Pacto de Varsovia. Iso “mina as nosas forzas estratéxicas”, engadiu o alto cargo diplomático.

Convencido de que ese paso do Pentágono é abertamente desestabilizador, Moscova invitou aos seus socios doutro lado do Océano Atlántico a utilizar de forma conxunta as instalacións que os uniformados rusos teñen, baixo aluguer, en Acerbaixán. Trátase dun radar de alerta temperá situado en Qabala, ao norte de Bacú, e que foi construído en 1985 pola URSS. É similar, a grandes trazos, ao que existía en Letonia e que foi desmantelado. Para Alexander Kuznetsov, o segundo punto de fricción ten nome e apelidos: a Alianza Atlántica. “A expansión da OTAN cara ao leste de Europa foi un verdadeiro desastre xeopolítico”, afirmou o diplomático ruso.

A reacción dos expertos de Bruxelas a estas denuncias é que esa anunciada “demonización” non é máis cunha esaxeración que utilizan as autoridades rusas en beneficio da súa propia axenda política interna. Aquí é preciso lembrar que este país-continente está inmerso actualmente nun proceso electoral dobre: por unha banda están as eleccións lexislativas para renovar a Duma Estatal (Cámara Baixa do Parlamento), fixadas para o mes de decembro, mentres que os comicios presidenciais débense celebrar en marzo de 2008.

Kuznetsov insistiu nun interesante debate sobre a cuestión “Onde vai Rusia?” organizado polo grupo Diálogo Europeo (<http://www.dialogoeuropeo.com/>): “Somos unha sociedade aberta; a xente viaxa ao estranxeiro cada vez máis e máis veces. A clase media crece e iso é fundamental”. Chegados a este punto, o delegado diplomático do Kremlin fixo unha mención crítica á política de visados da Unión Europea e máis concretamente dos emitidos polo chamado espazo Schengen. “A España chegan cada ano 400.000 turistas rusos”, declarou convencido e, se se liberalizase a formalización dos visados con respecto aos cidadáns de Rusia, esa cifra poderíase duplicar, o que xeraría pingües beneficios á industria de servizos de noso país.

Fraser Cameron, director do Centro Rusia-UE (<http://www.eu-russiacentre.org/>), recoñecía no citado seminario de Fride que en Europa “hai unha percepción negati-

va de Rusia”. “A UE quere unha Rusia estable e democrática. Non busca en absoluto a desestabilización. Rusia necesita un ambiente seguro para os negocios e non todos os problemas se poden solucionar a nivel da UE”.

Maria Ordzhonikidze, profesora visitante da Universidade da Amizade de Rusia, fixo referencia a un estudo realizado polo Centro Rusia-UE a principios de ano que amosaba que o 45% dos rusos perciben á Unión Europea como unha ameaza e que o 62% apoian un sistema cun control forte presidencial sobre os poderes legislativo e executivo.

O retrato negativo da UE nos medios de comunicación rusos é a principal razón para esta preocupante opinión, significou Ordzhonikidze. A gran maioría dos rusos utiliza a pequena pantalla para recibir información e, precisamente, a televisión está ferreamente controlada polo Kremlin e polos medios afíns a Gazprom, o xigante ruso do gas, con participación maioritaria estatal. “Hai pouca independencia noutros medios como son a prensa e a radio” e a penetración de Internet nos fogares rusos é só do 20%, sempre segundo os datos da enquisa mencionada anteriormente.

Xa antes do primeiro cumio bilateral deste ano, celebrado os pasados días 17 e 18 de maio á beira do río Volga na cidade de Samara, funcionarios comunitarios indicaban que as relacións mutuas afundíranse ata ao seu nivel máis baixo dende a guerra fría.

Para Serguei Karaganov, comentarista da axencia rusa gobernamental RIA Novosti (<http://www.rian.ru/>), esta circunstancia “ten as súas raíces na debilitada política exterior da Unión Europea”. Na reunión, o presidente da Comisión Europea, José Manuel Durão Barroso, dixo que os problemas polacos, lituanos e estonios eran unha preocupación europea, pero outros líderes da UE cualificaron eses conflitos como bilaterais. “Se a UE mudou de idea e agora pensa que a vella Europa debería compartir as idiosincrasias e os complexos dos novos Estados membros, deberíamos expresar as nosas condolencias”, escribía Karaganov con boas doses de ironía. “Nese caso, a Unión seguirá minando a súa posición. Debendo a súa política a un baixo denominador común, Berlín, París e Madrid son moito menos influentes agora que hai 10 ou 15 anos”.

Con este negro panorama, non é estraño que a consecución do novo pacto entre ambas as entidades estea lonxe de se levar a cabo. Pero todo non foi tan mal no pasado recente. Hai oito anos, xa con Putin no poder, os quince países membros da UE aprobaron unha estratexia común cara a Rusia; catro anos despois decidiron que os rusos eran “socios estratéxicos” e en 2005 considerouse oportuno substituír o actual Acordo de Asociación e Cooperación (PCA), asinado en 1997 durante a presidencia de Boris Ieltsin (e vixente por 10 anos renovables), por outro novo e máis ambicioso, que tivese o cualificativo de “estratéxico”. Pero entón xurdiron os obstáculos “nacionais”: Polonia mantiña un largo contencioso comercial; Suecia alegaba que Rusia prohibía a importación dos seus bidueiros; Italia dicía o mesmo dos seus polos; Estonia falaba de restricións os viaxeiros; Lituania criticaba os recortes no subministro de petróleo. Por último xurdiu o enfrontamento diplomático-político

entre o Reino Unido e a Federación de Rusia, ao negárense as autoridades rusas a extraditar ao principal sospeitoso do asasinato do disidente e ex-espía Alexander Litvinenko.

Moito se avanzou desde os tumultuosos anos 90, porque, na época da URSS, como recorda Mark Entin, director do moscovita Instituto Europeo, no número 75 da revista *European Issues*, editada pola Fundación Robert Schuman (<http://www.robert-schuman.eu/>), “Moscova tiña unha visión esencialmente negativa da Comunidade Europea, que era percibida a través do prisma do enfrontamento político e militar cos Estados Unidos e coa OTAN, é dicir, as forzas do progreso social no mundo contra o imperialismo da política norteamericana. A Unión Europea analizábase tras o paradigma marxista-leninista segundo o cal os Estados Unidos de Europa ou eran imposibles ou eran intrinsecamente reaccionarios. Por conseguinte, a UE era considerada como un medio de relanzar os intereses de EUA e da Alianza Atlántica no continente e como a asociación do gran capital para a explotación da clase obreira”.

Agora o tren paneuropeo está parado, e tanto Kuznetsov como Fraser ven bloqueado, polo momento, o novo acordo de asociación e cooperación e, o que é peor, tampouco albiscan cambios positivos inminentes. Sendo máis precisos, Fraser non cre que se vaia a ratificar documento algún nin durante a próxima presidencia de torno da UE, que recaerá en Eslovenia durante os seis primeiros meses de 2008. “Quizais se peche a negociación cos franceses”, engadiu Fraser, en referencia ao Estado que ostentará ese posto no segundo semestre do ano que vén.

O segundo cumio bianual UE-Rusia, celebrado o pasado 26 de outubro na localidade portuguesa de Mafra, foi o que algún especialista chamou con moito acerto un “non evento”, unha especie de reunión de alto nivel representativo, pero de baixísimo contido para non ferir susceptibilidades. Todo queda aparcado ata nova orde, e por iso o diario electrónico ruso Pravda.ru daba os parabéns ao trío luso: ao presidente Aníbal António Cavaco Silva, ao primeiro ministro Jose Sócrates e ao presidente da Comisión, Jose Manuel Durão Barroso, pola súa “actitude excelente e intelixente” ao crear “un entorno bo e agradable para ver se cun sorriso rompe o xeo, o ‘permafrost’ que existe principalmente nos círculos dos medios de comunicación occidentais”.

Quizais, como apunta o xa citado Karaganov, o acordo entre Moscova e os vinte e sete só será viable, se “se deixa de usar o termo de ‘asociación estratéxica’, politicamente correcto pero carente de sentido”.

Pero, como poden mellorar as relacións? Parafraseando o título dun libro de Lenin: *Que facer?*, en opinión de Mark Entin, a mellora pasa por catro etapas:

1. Diálogo total. Políticos e asesores deben comprender o que pasa en Europa e o que pasa por actuar en interese de Rusia e elixir a mellor opción. Tamén deben aumentar o número de encontros, conferencias e discusións informais entre politólogos, parlamentarios, diplomáticos, homes de negocios, representantes da sociedade civil e facelos máis intensos e permanentes.

2. Discreción política e mediática. Os políticos non deben difundir información sen fundamento e os medios de comunicación non deben facer circular rexoubas, xa que as relacións entre Rusia e a UE deben quedar libres de dogmas e prexuízos.

3. Promoción económica. A UE –o primeiro socio comercial de Rusia e esta, a súa vez, o terceiro para a UE– inviste na Federación máis de 30.000 millóns de euros fronte a 3.000 millóns. A circulación de mercadorías aumenta un 20% anual, pero o potencial é 10 ou 100 veces superior. A cooperación entre homes de negocios, sen presión política nin limitacións lexislativas ou administrativas, é esencial.

4. Modernización da base lexislativa das relacións. Neste capítulo é necesario falar do sistema de visados. Ata agora resulta obrigatorio este requisito administrativo para entrar dende Rusia en calquera país da UE e viceversa. Os trámites burocráticos son lentos e non favorecen a mobilidade xeográfica. De feito, os correspondentes de prensa en Moscova viron como se complicaban os papelorios. E seguirán así polo menos outros tres anos. Así o declaraba o representante especial do presidente ruso coa UE, Serguei Yastrzhembsky, nunha recente entrevista ao xornal Rossiiskaya Gazeta (<http://www.rg.ru/>). A modo de comparación, hai que dicir que os cidadáns ucráinos non necesitan visado para viaxar a calquera Estado membro.

Conclusión

As relacións entre Rusia e a Unión Europea atópanse nunha encrucillada de camiños. A ampliación cara ao leste, as tensións internas dos vinte e sete para conformar unha política común e a percepción negativa da maioría dos europeos cara aos rusos enrareceron o ambiente. Para superar a desconfianza recíproca, é preciso que mellore a comprensión mutua, que se potencien aínda máis os lazos económicos e comerciais e, sobre todo, que Moscova e Bruxelas entendan que o Acordo de Asociación e Cooperación de 1997 fracasou e tiren así as súas propias conclusións. Se non o fan, e pronto, o vello continente verase sometido a unha tensión perigosa para o seu desenvolvemento e prosperidade.

Francisco Herranz é xornalista especializado en Rusia.